



PREGUNTA ORAL SOBRE A SITUACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DO CASTELO DA ROCHA E AS ACTUACIONS PARA A SÚA POSTA EN VALOR

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do novo milenio, os sucesivos gobernos municipais de Santiago de Compostela situaron como un dos seus obxectivos no ámbito cultural a recuperación e posta en valor do Castelo da Rocha, a que fora unha das maiores fortalezas galegas e referencia fundamental na historia da cidade e da Galicia medieval.

Unha serie de actuacións preliminares deron paso a partir do ano 2013 á maior intervención para a súa recuperación, propiciada pola concesión por parte do Ministerio de Cultura dunha subvención dun millón de euros para este fin. Deste xeito, intensificáronse os traballos arqueolóxicos e promovéronse accións de promoción e difusión do xacemento: páxina web, libro explicativo, visitas programadas e, en colaboración co Consorcio de Santiago, a realización dun Plan Especial de protección e acondicionamento do Parque Arqueolóxico da Rocha, aprobado polo Pleno da Corporación en xaneiro de 2015 e publicado no BOP do 15 de abril daquel mesmo ano.

Co cambio de Goberno, un informe municipal solicitado polo Goberno do Partido Popular daba conta da planificación prevista para continuar coa posta en valor da fortaleza e do seu contorno, que pasaba pola expropiación de bens e dereitos para levar a cabo os proxectos contidos no citado Plan Especial, entre eles, o aparcamento, a edificación dotacional ou os camiños interiores do parque.

Transcorridos dos dous anos e medio do actual mandato, unicamente temos constancia do acordo do inicio do expediente de expropiación, da súa exposición pública en decembro de 2016 e da recente solicitude ao Ministerio de Facenda da inclusión dun proxecto de "acondicionamento interior do Castelo da Rocha" na EDUSI, por un importe de 100.000 euros, dos que o 80% procedería de financiamento europeo e un 20% do propio Concello.

En relación con esta cuestión, fórmase a seguinte pregunta:

Cando vai dispoñer o Concello da totalidade dos terreos necesarios e para cando prevé a execución de cada un dos proxectos (aparcamento, edificio dotacional, camiños interiores...) contidos no Plan Especial de protección e acondicionamento do Parque Arqueolóxico do Castelo da Rocha?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela